



## CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA  
986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55  
[concello.valga@eidolocal.es](mailto:concello.valga@eidolocal.es) [www.valga.gal](http://www.valga.gal)

**Expediente núm.:** 713/2020

**Resolución de Alcaldía**

**Procedemento:** Convocatoria e Concesión de Subvencións por Procedemento de Concorrenza Competitiva

**Asunto:** Subvención de bonos de compra co fin de fomentar a actividade comercial e empresarial no Concello de Valga "Merca Valga II"

**Documento asinado por:** O Alcalde

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que con data 13 de novembro de 2020, por Providencia de Alcaldía, considerouse conveniente efectuar a convocatoria e concesión de subvencións de bonos de compra co fin de fomentar a actividade comercial e empresarial no Concello de Valga "Merca Valga II" a consecuencia do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. E O Real decreto 929/2020 de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-Cov-2, volve a crear un escenario similar de redución de actividade comercial e económica.

Visto que con data 13 de novembro de 2020, emitiuse informe de Secretaría no que se indicaba a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para convocar e conceder as subvencións.

Visto que con data 13 de novembro de 2020, emitiuse informe de Intervención sobre a existencia de crédito para a atención do gasto derivado da concesión de devanditas subvencións e efectuouse a pertinente retención do crédito dispoñible.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e a partida do Orzamento Xeral de 2020 específica para a concesión de subvención de bonos de compra co fin de fomentar a actividade comercial e empresarial no Concello de Valga "Merca Valga II".

**PROPOÑO**





## CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

[concello.valga@eidolocal.es](mailto:concello.valga@eidolocal.es)

[www.valga.gal](http://www.valga.gal)

**PRIMEIRO.** Aprobar a concesión de subvencións de bonos de compra co fin de fomentar a actividade comercial no Concello de Valga "Merca Valga II", por procedemento de concorrência competitiva, co texto que figura a continuación da presente proposición.

**SEGUNDO.** Fornecer, por parte da Intervención, á BDNS a documentación necesaria para que se proceda á publicación do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*.

Asinado dixitalmente ao marxe.

O alcalde,

José M<sup>a</sup> Bello Maneiro





## CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA  
986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55  
[concello.valga@eidolocal.es](mailto:concello.valga@eidolocal.es) [www.valga.gal](http://www.valga.gal)

### MERCA VALGA II CONCURSO - SORTEO

#### Bases reguladoras para o concurso-sorteo de bonos de compra co gallo de fomentar a actividade comercial do Concello de Valga

#### PREÁMBULO

O estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declarado no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, estableceu, no primeiro apartado do artigo 10, a suspensión da apertura ao público dos comercios, a excepción dos establecementos de actividades especiais.

O Real decreto 929/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-Cov-2, volve a crear un escenario similar de redución de actividade comercial e económica.

Este estado, prolongado no tempo, motiva unha preocupante diminución da actividade comercial e económica na maioría de concellos estatais, e tamén, no Concello de Valga.

Por este motivo, e coa intención de contribuír á recuperación da actividade comercial e económica, o Concello de Valga elabora unhas bases de subvencións para, dentro das posibilidades, reactivar a actividade de comercios locais.

BASES DA CONVOCATORIA EN LIBRE CONCORRENCIA, PARA SUBVENCIONAR A EMISIÓN DE BONOS DE COMPRA CO GALLO DE FOMENTAR A ACTIVIDADE COMERCIAL NO CONCELLO DE VALGA.

#### 1. OBXECTIVO

O obxectivo das presentes bases é regular as condicións do concurso-sorteo de bonos destinados á compra de bens e servizos en Valga.

#### 2. PRESUPOSTO DISPOÑIBLE

A cantidade destinada a esta convocatoria será de 3.500,00 euros realizándose o gasto con cargo á partida orzamentaria 431.489.00.

#### 3. PERSOAS BENEFICIARIAS





## CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

[concello.valga@eidolocal.es](mailto:concello.valga@eidolocal.es)

[www.valga.gal](http://www.valga.gal)

Considéranse persoas beneficiarias destas axudas as persoas físicas ou xurídicas que, en calidade de clientes/as das entidades adheridas á convocatoria sexan premiadas cos bonos de compra.

### 4. EMISIÓN E PAGO DOS BONOS

O concello emitirá os bonos de compra ás persoas premiadas.

As entidades adheridas facturarán ao concello, previa xustificación, os importes equivalentes á contía de gasto dos bonos canxeados, da maneira e periodicidade que estimen oportuna pero con data de finalización do proceso a 30 de xuño de 2021 e dentro dos termos indicados nos puntos 7 e 12 das presentes bases.

### 5. REQUISITOS PARA A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO/A

Non poderán obter a condición de beneficiarias dos bonos regulados nestas bases as persoas en quen conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

### 6. CONCURSO-SORTEO E BONOS

O concurso rexerese pola modalidade de sorteo. O concurso constará de:

- Dous sorteos especiais de Nadal, un no mes de decembro e outro no mes de xaneiro
- Cinco sorteos cunha periodicidade mensual, sendo os meses dos sorteos xaneiro, febreiro, marzo, abril e maio.

O Concello de Valga emitirá papeletas participativas identificadas co tipo e mes do sorteo ao que pertencen. Cada entidade adherida contará coa mesma cantidade de boletos, que repartirá entre a súa clientela, na maneira que cada comercio estime oportuna.

Os sorteos celebraranse na seguinte maneira e forma. Entre as papeletas repartidas resultará premiada a papeleta que coincida:

- Coas últimas catro cifras do primeiro premio dos sorteos da “Lotería Nacional de Navidad” e da “Lotería Nacional del Niño”, no caso dos sorteos especiais de Nadal.
- Coas últimas catro cifras do primeiro premio do último sorteo da Lotería Nacional dese mesmo mes. As datas correspondentes serán:





## CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA  
986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55  
[concello.valga@eidolocal.es](mailto:concello.valga@eidolocal.es) [www.valga.gal](http://www.valga.gal)

Decembro – Sorteo “Lotería Nacional de Navidad” do martes 22  
Xaneiro – Sorteo “Lotería Nacional del Niño” do mércores 6  
Xaneiro – Sorteo do sábado 30  
Febreiro – Sorteo do sábado 27  
Marzo – Sorteo do sábado 27  
Abril – Sorteo do xoves 29  
Maio – Sorteo do sábado 29

Os bonos premiados terán o valor equivalente a 500 euros. As persoas beneficiarias dos bonos poderán solicitar unha fragmentación da contía total en bonos de cantidades inferiores, sempre en cifras redondeadas e nunca inferiores a 25 euros.

### 7. VIXENCIA DOS BONOS

Os bonos deberán ser canxeados con data límite de 30 de xuño de 2021.

Os bonos que non sexan canxeados antes da data límite perderán automaticamente a súa validez.

So poderá utilizarse un bono por cada compra ou transacción efectuada, independentemente da contía da mesma.

### 8. ENTIDADES ADHERIDAS

Poderán ter a consideración de entidades adheridas aqueles establecementos comerciais de calquera natureza que estando ubicados no Concello de Valga, se atopen dados de alta no padrón do Imposto de actividades Económicas en Valga. O cumprimento deste requisito será verificado de oficio polo Concello de Valga.

Tamén poderán ter a consideración de entidades adheridas aqueles establecementos comerciais que non estando dados de alta no padrón do IAE en Valga por distintas razóns legais, están en posesión da licenza de actividade emitida polo Concello de Valga.

As entidades adheridas terán a consideración de entidades colaboradoras, de conformidade co establecido no primeiro apartado do artigo 12 da Lei Xeral de Subvencións, séndolles de aplicación o réxime xurídico previsto en dita norma legal para as entidades colaboradoras na xestión de subvencións.

### 9. REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN A APORTAR PARA A OBTENCIÓN DA CONDICIÓN DE ENTIDADE ADHERIDA





## CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA  
986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55  
[concello.valga@eidolocal.es](mailto:concello.valga@eidolocal.es) [www.valga.gal](http://www.valga.gal)

Ademais do requisito establecido no artigo anterior, as entidades adheridas deberán cumprir todos e cada un dos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

As entidades solicitantes deberán entregar no Concello de Valga o impreso de solicitude debidamente cumprimentado en todos os seus apartados.

### 10. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADHESIÓN

O prazo de presentación das solicitudes de adhesión será ata o 26 de novembro de 2020.

As solicitudes de adhesión deberán formularse a través do modelo específico para este concurso-sorteo. O concello facilitará os modelos de solicitude de maneira física ou telemática a todas as entidades que o soliciten.

As solicitudes deberán ser presentadas por rexistro ou a través da sede electrónica do Concello de Valga.

### 11. SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE

Cando a instancia da solicitude tivese algún erro ou estivesen incompletas, outorgarase ás entidades interesadas un prazo de cinco días hábiles para corrixir os defectos detectados. Transcorrido o prazo sen que se houberse feito, darase por desestimada a súa solicitude de adhesión.

### 12. XUSTIFICACIÓN DAS ENTIDADES ADHERIDAS

O concurso-sorteo rematará o día sábado 29 de maio de 2021 coa celebración do último dos sorteos. Dende esa data, as persoas premiadas e as entidades colaboradoras disporán ata o 30 de xuño de 2021 para a realización dos trámites necesarios de compra e facturación respectivamente.

Os xustificantes necesarios por parte das entidades adheridas consistirán en:

- Os bonos canxeados en cada entidade adherida.
- A cada bono xuntaráse unha copia da factura emitida froito da transacción comercial realizada.
- Non se admitirán facturas nas que a súa relación co bono xere algún tipo de dúbida. Tampouco se admitirán bonos deteriorados ou que presente algún signo evidente de ter sido manipulados ou falsificados.

### 13. ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA





## CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

[concello.valga@eidolocal.es](mailto:concello.valga@eidolocal.es)

[www.valga.gal](http://www.valga.gal)

O órgano competente para ditar cantos acordos se requiran no procedemento será o alcalde do Concello de Valga.

### 14. OBRIGAS DAS ENTIDADES ADHERIDAS

Son obrigas das entidades adheridas, ademais das sinaladas para as entidades colaboradoras no art.15 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei, as que se sinalan a continuación:

- Comprometerse á recepción e colocación dos materiais publicitarios, que reparta o concello, nun lugar visible.
- Tratar de acordo cos principios de igualdade de trato a toda a súa clientela, velando especialmente pola transparencia e igualdade de condicións no reparto de papeletas.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.
- Respetar, no marco das súas actividades, a igualdade de xénero.

### 15. INFRACCIONES E SANCIÓN S

O Concello de Valga reservase o dereito de poder eliminar da adhesión a toda aquela entidade que non cumprise cos distintos apartados establecidos nestas bases reguladoras.

### 16. RÉXIME XURÍDICO

Ademais do disposto nas presentes bases, a presente convocatoria supeditarase ao establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Norma de execución presupostaria que se atope vixente en cada momento de cada convocatoria, e demais normativa que resulte de aplicación.





## CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA  
986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55  
[concello.valga@eidolocal.es](mailto:concello.valga@eidolocal.es) [www.valga.gal](http://www.valga.gal)

### Solicitud de participación

Concurso-Sorteo

“MERCA-VALGA II”

1. DATOS DO ESTABLECEMENTO
NOME:
ENDEREZO:

1. DATOS DO TITULAR
NOME:
DNI:
ENDEREZO:
TELÉFONO:

- Declaro ser representante do comercio de referencia e que ostento poder suficiente para exercela e que en uso desa representación, solicita a súa adhesión á campaña “MERCA VALGA II”.
- Declaro que coñezo e acepto as bases que rexen a convocatoria.

Valga \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ 2020

Asdo.





## CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA

986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55

[concello.valga@eidolocal.es](mailto:concello.valga@eidolocal.es)

[www.valga.gal](http://www.valga.gal)

### DECLARACIÓN PARA OS/AS BENEFICIARIOS/AS

Nome e apelidos:	DNI:
Enderezo:	Poboación:
E-mail:	Tlf:

### DECLARO:

- 1.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 2.- Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- 3.- Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

Valga, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

(sinatura)

